

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2020

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas partes do currículo, e tendo en conta todos os elementos que compoñen o currículo.

A avaliación levarase a cabo mediante a entrega de traballos por parte do alumnado vía correo electrónico. Estes traballos serán indicados semanalmente na páxina web do centro e temporalizados por sesións. Consistirán en actividades de recuperación, reforzo, e no seu caso ampliación, tal como indican as instrucións da Consellería de Educación sobre as que se basea esta adaptación, **formuladas sobre contidos mínimos** da programación, que deberán ser **entregadas en data e hora establecidas, e cumprindo cos criterios de orde, pulcritude, claridade na exposición, etc, establecidos na programación.**

No caso da recuperación das avaliacións non superadas, poderá establecerse algunha proba escrita, ben vía telemática, ben de forma presencial se as autoridades sanitarias así o permiten.

RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS NON APROBADAS

ALUMNOS CON 1 AVALIACIÓN SUSPENSA

- Se a nota resultante das dúas primeiras avaliacións é maior ou igual que **5**, deberán entregar como **mínimo un 50%** das actividades de recuperación de dita avaliación correctamente.
- Noutro caso, deberán entregar correctamente o **70%** das actividades de recuperación de dita avaliación.

En ambos casos, a nota final da materia sería un 5.

En calquera destes dous casos poderán acollerse á realización de actividades de ampliación para aumentar os seus coñecementos de cara ao curso seguinte e poder subir a súa nota.

ALUMNOS COAS DÚAS PRIMEIRAS AVALIACIÓNS SUSPENSAS

Para recuperar **deberán entregar como mínimo un 70% das actividades de recuperación de cada avaliación.**

Para aqueles alumnos que teñan **menos dun 3 en ambas avaliacións** ademais **terán que realizar unhas actividades en día e hora que se establecerán a modo de proba de recuperación. Se as autoridades sanitarias así o permiten a proba realizarase de forma presencial.**

É requisito imprescindible para poder realizar a proba a entrega do 70% das actividades de recuperación correctamente.

Para poder recuperar deberán obter en cada proba de recuperación un mínimo de 4 puntos.

En ambos casos a nota máxima será un 5

- Para aqueles alumnos que teñan unha avaliación suspensa ou dúas suspensas tendo nalgunha delas unha nota maior o igual a 3 (nota media calculada, non a nota do boletín), e non chegaran a entregar correctamente o 70% das actividades de recuperación, establecerase unha ou varias probas de recuperación realizadas de xeito telemático, **sempre que entregasen correctamente un mínimo do 20% das actividades de recuperación.**

Considerarase superada a materia se **entre as tarefas entregadas correctamente e a media do realizado correctamente en cada proba de recuperación suman o 100%, cun mínimo dun 40% en cada proba de recuperación.**

Comunicaráselle aos alumnos afectados as datas, horas e forma de realización seguindo as canles habituais de comunicación empregadas neste trimestre, mediante correo electrónico e nas instrucións enviadas á web do centro nas que figuran os traballos semanais a realizar.

As actividades e probas de recuperación realizaranse sobre os **contidos mínimos** establecidos na programación do departamento para o presente curso e desenvolvidos nas dúas primeiras avaliacións.

NOTA FINAL A nota final do curso obterase da seguinte forma:

A nota resultante das dúas primeiras avaliacións será a **maior** das seguintes, co obxectivo de non prexudicar ao alumnado pola situación de suspensión de clases:

- **A media simple das notas (con decimais, tal como figuraba na programación orixinal) das dúas primeiras avaliacións.**
- **O resultado de $0,6 \cdot \text{NOTA } 1^{\text{a}} + 0,4 \cdot \text{NOTA } 2^{\text{a}}$ (media ponderada que asigna un 60% á primeira avaliación e un 40% á segunda debido a que a primeira foi a que se puido completar en condicións normais con todos os elementos de valoración).**

A esta nota, que sería o 100%, **sumaráselle ate 2 puntos (20%) da terceira avaliación.**

Esta suma de máis do 100% concorda coas instrucións establecidas pola Consellería de Educación de que o terceiro trimestre en ningún caso pode prexudicar ao alumnado e si beneficialo.

Estes dous puntos da terceira avaliación procederán de **actividades de recuperación, reforzo e no seu caso de ampliación, formuladas sobre contidos mínimos** da programación, que deberán ser **entregadas en data e hora establecidas, e cumprindo cos criterios de orde, pulcritude, claridade na exposición, etc, establecidos na programación.** Dentro destes dous puntos, ao igual que figuraba na programación do departamento, o profesor poderá valorar a realización de traballos realizados sobre matemátic@s destacad@s ou similares, cun máximo de 0,5 puntos (5%).

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Igual que figuraba na programación, no caso de non obter unha cualificación positiva na avaliación ordinaria de xuño, realizarán unha proba extraordinaria en setembro sobre os contidos mínimos da materia impartida durante as dúas primeiras avaliacións do curso. Para poder superar dita proba deberán obter unha puntuación mínima de 5. (incluídos os traballos de preparación entregados)

Para a preparación de dita proba o departamento a través dos seus membros proporcionará aos alumnos os materiais, orientacións e recursos necesarios para preparar dita proba.

A entrega dos traballos preparatorios para a proba poderán ser puntuados cun máximo de 1 punto que se sumará á nota de dita proba.

No caso de que a realización presencial de dita proba non fose posible, a puntuación dos traballos preparatorios pasará a ser de 2 puntos, e os alumnos deberán realizar unhas actividades que se lles facilitarán en data e hora previstos. Para poder recuperar a materia deberán sumar entre traballos e dita actividade unha puntuación mínima de 5.

ALUMNOS CON MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR

Tendo en conta o establecido na programación de que un alumno ou alumna que **supere a materia do curso no que está actualmente supera automaticamente a materia pendente do curso ou cursos anteriores**, e que xa se realizou a proba da primeira parte da materia, a recuperación de materia pendente levarase a cabo mediante:

- Se obtiveron na primeira proba unha nota mínima de 3, a entrega dos boletíns preparatorios da segunda parte que se lles facilitou no seu momento, tendo que estar estes correctamente nun 80%.
- Para aqueles alumn@s que tivesen na primeira proba unha nota inferior a 3, deberán entregar correctamente o 70% dos boletíns de toda a materia